


..... Lección 1

**Quen se sente dun lugar, non
padece ningún pesar**



- | | | | | | |
|---|---------------------|----|--------------------|----|-------------|
| 1 | Comunidade autónoma | 6 | Comarca | 11 | Autoestrada |
| 2 | Capital | 7 | Vila | 12 | Estrada |
| 3 | Provincia | 8 | Parroquia | 13 | Porto |
| 4 | Cidade | 9 | Aldea/lugar/barrio | 14 | Aeroporto |
| 5 | Concello | 10 | Ponte | 15 | Vía férrea |

Como me presento

Ao chegar

- Ola, son... e son de..... Vivo en
- Bo día, | Boa tarde, | Boa noite
- Ei, como che vai?

Ao marchar

Vémonos pronto	Ata logo	Aburiño
Ata agora	Ata máis ver	Chao
Ata vernos	Vémonos	Adeus

Que verbos vou precisar para presentarme

Dous verbos que imos empregar moito

Ser	Chamar
Son	Chámo(me)
Es [ɛ]	Chámas(te)
É [ɛ]	Cháma(se)
Somos	Chamámo(nos)
Sodes	Chámades(vos)
Son	Cháman(se)



- Destes verbos un, é **reflexivo**, chamar. Isto quere dicir que expresa unha acción que recae no propio suxeito. Sempre se lle engade un pronome persoal.
- O pronome persoal vai despois do verbo:
Chámome María.

Como lle pregunto a alguén os seu datos

- Como** te chamas?
- Onde** vives?
- Cantos** anos tes?
- Que** estudas?
- En que** traballas?
- Por que** queres aprender galego?

Ligazóns de interese

- >> Comarcas de Galicia
- >> Concellos de Galicia (Fegamp)
- >> Galicia nomeada
- >> Nomenclátor de Galicia
- >> Portal das palabras (web)
- >> Toponimia de Galicia



Notas da sesión

A large, empty rectangular box intended for taking notes during the session.